

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

14244 *Real decreto 1504/2012, do 2 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.*

O Real decreto 774/2011, do 3 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, introduciu a cesión de uso temporal da cota da reserva nacional como unha nova ferramenta para realizar a xestión da cota láctea.

O obxectivo deste instrumento é o de maximizar a utilización da cota láctea da reserva nacional procedente dos sucesivos incrementos de cota concedidos a España no ámbito do «recoñecemento médico» da PAC.

Co obxectivo de simplificar e non incrementar as cargas administrativas decidiuse aplicar esta medida de forma directa, sen mediar solicitude dos produtores. Non obstante, ofréceselles a posibilidade de renunciar a facer uso dela, mediante escrito dirixido á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios. Para isto estableceuse un prazo de renuncia comprendido entre o 1 e o 30 de xullo para o período 2011/2012, e entre o 1 e o 30 de abril para os seguintes períodos.

Non obstante, a experiencia na xestión da cesión de uso da reserva nacional dos dous períodos pasados amosou a evidencia de que os prazos establecidos para que o produtor expresase o seu desexo de renunciar ao uso resultaron demasiado breves, o que impediu que algúns produtores interesados en renunciar o fixesen no prazo establecido para isto.

Resulta necesario, por tanto, modificar o período para a renuncia á cesión de uso da reserva nacional para ampliálo ao máximo posible, tendo en conta o calendario de xestión de cota láctea, isto é, entre o 1 de abril e o 31 de decembro de cada período.

Por outra parte, no artigo 5 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, régulase outro importante instrumento de xestión da cota láctea, a retirada de cota, que se estableceu para penalizar a non utilización por parte do produtor da cota láctea asignada.

No número 4 do dito artigo recóllese que o prazo máximo para a emisión das resolucións de retirada polo órgano competente da comunidade autónoma, mediante as cales se comunica ao produtor a retirada parcial ou total da cota láctea, é o 30 de setembro.

Este prazo resulta insuficiente para levar a cabo as xestións administrativas oportunas, polo que resulta conveniente e necesaria a súa modificación. O presente real decreto amplía o prazo ata o 30 de novembro.

Con esta medida preténdese conseguir que os xestores de cota láctea dispoñan de tempo suficiente para o ditado destas resolucións, evitando os posibles recursos derivados do incumprimento do prazo establecido no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de novembro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.*

O Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, queda modificado como segue:

Un. O número 4 do artigo 5 substitúese polo seguinte:

«4. O órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do produtor ditará, antes do 30 de novembro do período en que a retirada teña plenos efectos, as resolucións correspondentes a:

a) Aqueles produtores cuxa cota deba ser engadida definitivamente á reserva nacional por non ter utilizado a súa cota durante dous períodos consecutivos ou por aplicación do número 3.

b) Aqueles produtores que, en aplicación do número 1, deban perder parte da súa cota.

c) Aqueles produtores cuxa parte de cota deba ser engadida á reserva nacional en aplicación do parágrafo terceiro do número 2.»

Dous. O número 3 da disposición transitoria quinta substitúese polo seguinte:

«3. En caso de que un produtor non desexe utilizar o dereito de uso da cota cedida procedente da reserva nacional pode renunciar a ela mediante escrito dirixido ao director xeral de Producións e Mercados Agrarios, que se presentará ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do solicitante ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, poderanse presentar solicitudes no rexistro electrónico en aplicación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

O prazo de presentación da renuncia será desde o 1 de abril ata o 31 de decembro de cada período.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de novembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE